

**6FUNDACIÓN PEDRO PÉREZ PÉREZ
FORTE S/N
15881 BOQUEIXÓN (A CORUÑA)**

FUNDACIÓN PEDRO PÉREZ PÉREZ
DATA DE ENTRADA
NÚMERO 20/2016
DATA DE SAÍDA 11, 11, 16

Teléfono: 981 - 51 30 52
Fax: 981 - 51 30 00
C.I.F.: G - 15862907

ANUNCIO CONVOCATORIAS DE AXUDAS AO ESTUDIO

OBXECTO:

Convócanse axudas para a realización de estudos universitarios de medicina/veterinaria durante o curso académico 2016 - 2017.

IMPORTE DAS AXUDAS:

O importe para a concesión de ditas axudas, previsto no presuposto da Fundación, para o curso 2016-2017, ascende a 614,63 €, podendo variar en función dos rendementos netos, pero nunca será inferior ao 80% dos mesmos tal como sinalan os estatutos da Fundación no seu artigo 27.1.

BENEFICIARIOS:

Serán beneficiarios destas axudas os estudantes pertencentes a calquera parroquia do concello de Boqueixón, e que figuren empadroados a data de aprobación das bases polo Padroado da Fundación con unha antigüidade mínima dun ano.

Terán preferencia en igualdade de condicións os estudantes que pertencen á parroquia de Ledesma ou/e que obtiveran ditas axudas no curso 2015/2016.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Dende o 21 de novembro ata o 21 de decembro (ámbolos dous inclusive) do 2016.

DOCUMENTOS QUE DEBERÁN ACHEGARSE Á SOLICITUD:

- a) Copia do DNI do solicitante
- b) Copia do libro de familia
- c) Copia da declaración da renda das persoas físicas do ano 2015, de tódolos membros que convivan no domicilio familiar.
- d) Copia dos datos económicos que figuran na Axencia Estatal da Administración Tributaria do ano 2015, correspondentes ós membros computables que non presenten declaración da renda ou solicitude de devolución.
- e) Xustificantes de ingresos das entidades pagadoras no caso de non estar obrigado a realiza-la declaración da renda do ano 2015.
- f) Sentencia de separación de matrimonio, no seu caso

- g) Para alumnos que inicien estudos universitarios:
- Copia da tarxeta de selectividade (cotexada)
 - Notas de segundo de bacharelato ou equivalente (cotexadas)
- h) Para alumnos que continúen estudos universitarios:
- Certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nas materias nas que estean matriculados no ano 2015 – 2016 (cotexada)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Teranse en conta fundamentalmente os seguintes criterios:


- a) Situación económica do solicitante
- b) Traxectoria académica do solicitante
- c) Existencia ou non doutras axudas

BASES, MODELO DE SOLICITUDE E DEMAIS INFORMACIÓN

Están a disposición dos interesados no concello e na páxina **www.boqueixon.com**

Boqueixón, 9 de novembro de 2016

O presidente



Ovidio Rodeiro Tato